

- **Lugar:** Mántaras, TAPIA.
- **Narrador:** José Martínez Álvarez, *Pepe del Bourio*, 80 anos (1996).
- **Recopilador:** Xosé Miguel Suárez Fernández.
- **Grabacióis:** *El herba • Virar • Recoyer • Cargar el carro • Fer a morena na casa • A comida.*

El herba

Cuyíase y empezabas a segar el prado según era el prado y igual había tres ou cuatro, ou según, un maraño, ún tras d'outro. Iba ún delante segando un maraño, el outro detrás, y el outro detrás y... y se taba el herba mui deitada, que fose muita herba grande, que tuvese mui deitada, pos nun podías segala a maraño. Entonces tías qu'ir buscándoye el xeito y despós andabas pol prau como se podía. Había qu'ir buscarye el xeito porque si el... encontra el... taba deitada pr'alí el herba y, se ques segala pr'aquí, nun podes. Teis que buscarye pra esoutro lado el pé. Y de... d'unha, que nun podes segala; y d'outra, que la partes y queda sin segar nel prao y entonces había que volver a resegar. Cuyíasla a gavelas porque condo taba mui deitada había que sacala a gavelas cumu a gancela nel monte. Y condo taba más pequena el herba pos iba a maraños.

Chegabas a... igual ás seis da mañá ou ás cinco ou... según, pra que nun picase el sol y pra segar más tempu. Levábamos un sombreiro na cabeza. Entonces lo qu'había era que trabayar y nun tabas mirando pral sol si te queimaba ou se nun te queimaba. Había que... se te queimaba muito y sudabas, pos tías que quitar a roupa que che sobraba.

Afilar afilabas cada pouco. Segabas un pedazo como desde aquí al camín ou... ou menos y afilabas, eso era según taba el herba y según a gadaña. Pos nusoutros afilábamos, cuyíamos a gadaña, apoyábamoye el mango embaxu... na terra. El mango, a punta del mango, unde teis as manillas agarradas, poñíaslu nel suelo y despós a gadaña, que quedaba así, coyíasla por a cota y afilabas. Levábamos un corno mangado al cintu con agua y a pedra y afilabas. Dábasye dúas pasadas á gadaña y vulvías a segar. Condo nun che cortaba, volvías afilar outra vez. Y cravuñando pos cravuñabas tamén condo che parecía que xa taba a gadaña mui gorda, que che costaba muito trabayo puxarye, pos había qu'ir cravuñar porque xa levábamos us cravuños pral prao. Núa casa, pos nusoutros iba-

mos dous ou ún ou tres, os qu'había na casa, levábamos un cravuño namás porque nun íbamos cravuñar todos a un tempo.

¿Únde cumíamos as once? Nel prado, si nus levaban algo de cumer ou si levábamos da casa algo. Condo la levaban al prado iba nas alforxas cun el caba-lo y levaban nunha lechera d'estas que hai de... de... eran de porcelana entonces, unha lecherada de leite... de... de caldo y levaban el toucín y churizo y más nada. Y úa boteya de leite si se quería leite. Se non, el vino.

Y... y despós de segada, según el tiempo y según el herba, igual ye deixabas pasar despós de segada... ye deixabas pasar así nus maraños un día ou dous. Despós había qu'estendela... pa que secase más porque si la estendías mui verde quedábache aplastada nel prau y nun secaba tan bien. Y se pasa un día alí xa queda más amulecida y condo s'iba estender con el forcado, secudirla pra estendela, pos xa quedaba más espolveirada, xa nun quedaba tan aplastada como se la segas el mismu día y la estendes; cumu ta verde y pesa, aplástase nel prao. Y despós pasaban dous días ou tres días, según. Según el sol qu'había pra secar el herba.

Virar

Y despós había que darye a volta. Íbamos cus forcados y despegábamola del prao y dábamoye a volta, col de baxo pa riba. Si, a eso iban homes y muyeres y chavales... lu qu'había, pra estender el herba.

Se taba en maraños igual se cuyía un maraño d'úa punta a outra y íbas dán-doye así xa pra un lao y ibas fendo el sito pral outro qu'iba detrás y, condo taba en gavelas, pos igual levábamos el prao dafeito... pra... pra ir secudindo as gavelas y fendo sitio... Y despós d'estendida pos taba alí dous ou tres días, según el tempo, según el sol qu'había.

Primeiru taba segada... taba en maraños y estendíase y despós pasaban dous días, ou tres días, según el sol que calentaba y según a herba: se taba mui gorda tía que tar más tempo porque nun curaba. Se había que quedase un... unha... un puñado que quedase el herba algo gorda, qu'al darye a volta taba verde, pos cuyíase y el forcao y secudíase pra esfaragayar aquelo.

No, de madrugada no, porque ta orbayada. Tías qu'esperar sobre as once, ou según abría el día pola mañá, era condo s'iba pra virar. Tía que tar en... enxuita purriba y si chuvía xa nun valía, xa nun se podía ir con idea de levanta-la xa de paso.

Pos se chovía nel mitá d'ese proceso, condo taba estendida si chovía pos nun había qué ferye porque nun podías ir tapala cua arpiyera. Mouriaba, xa nun era el herba seca como a que nun coye el agua, xa se pon de color máis mouro y... y se ta chovendo y ta dous ou tres días alí nel prado pos fastidióuse el herba seca xa. Valía toda porque la recoyíamos toda, nun la tirábase porque había que fer por ela, qu'había pouca. Fastidiábase porque xa nun era herba seca, xa nun tía olor el herba seca como se nun la coye el agua. Nun la comían igual pero comíanla porque nun tían outra cousa que comer.

Recoyer

Íbamos virala pola mañá, ás once pur exemplo ou as diez, si según taba el día... y despós, de tarde, ás dúas ou eso xa íbamos pra recoyela. Y íbamos pral prado... Pra cargala nel carro pos había unha persona ou dúas qu'iban fendo gavelas. Despós iba outro detrás cun el carru, cuyías as gavelas y xa las cargaba nel carro. Y ún iba nel carro, había unha muyer ou un home, qu'iba calcando el herba seca nel carro y outro home cargando a forcadadas detrás. Había que pradiar, según s'iba cargando había outra persona —si las había; si nun había que pradialo en acabando de recoyer el prao—. Había qu'ir cuas garabatas, esas que temos de... del herba, pos había qu'ir pradiando porque sempre quedaba algo esfargayao.

El que fía morenas d'herba seca, el que nun daba tempo nel día, pos fíanse morenas nel prao y despós al outro día, ou dous días, ou cuatro días, pos ibas pra trela pá casa pra fer as morenas d'herba seca na casa, os varales de... d'herba seca. Y el que tía pajar na casa pos xa la cargaba de paso y vía y metíala nel pajar. Porque sendo... sendo pra poñer morena grande na casa nun podías trer dous carros hoi y fer... empezar a morena porque se che chovía fastidiábchese na morena. Había que despós xuntala toda nun día y fer a morena grande. Y había que trer carrados. Ibas ás morenas al prado, cargabas unha morena ou dúas ou tres, según eran, en cada carro. Y tríasla pá casa y na casa taban outros fendo morenas. Ibas pra levantala nun prao, ibas virar el herba seca qu'había nun prao, se había dous carros, ou se había cuatro ou se había cinco, tías que trela pá casa nel día, porque se la deixabas nel prao estendida y vén a orbayada y móyala y nun podes trela, porque teis qu'esperar a ter toda el herba seca segada pra fer a morena nun día y butarye toda el herba seca que teñas de todos us praos.

Condo tíamos as morenas feitas nus praos, sendo morenas pequenas, como digo eu, pra levantar pra despós trer prá casa, fíamosyes unhas cordas. Da mesma

herba seca ibas sacando de debaxo, retorcéndola y había outro qu'iba torcendo nel outra punta y el que taba na veira iba tirando del herba seca y fendo úa corda pra despós botarya purriba y igual ye fíamos dúas cordas pra cruzala por si vía el vento que nun la levase. Íbamos sacando del pé da morena y íbamos torcéndola así y quedaba a corda... el herba seca así. Y despós tirábasla y el que taba alí daba a volta pr'alí y outro cuyíala cun el forcado, pra levantala por encima da morena... Si la soltas, desfáise. Y erguíasla col forcado y mangábasla encima. Y naquel lau... neste lao xa quedaba presa na mesma morena y nel otro lao puñíamoye úa pedra. Y puñíamoye úa pedra algo alta pa riba y, al calcarse a morena, a pedra baxaba pa baxo. Y se xa poñías a pedra nel suelu pos é como se nun tuveras a corda.

Cargar el carro

¿Cúmu se cargaba el carro? Pos cargábase a forcadadas. Ibas botando, enchíase el caxón del carro, lo qu'era dentro y despós ibas paredando pur fora y ibas alargándolo p'atrás y p'alante y p'arriba y... había un home ou unha muyer, según, enriba pa calcar el carro, el herba seca, porque había que butala nel medio del carro tamén pra prender as veiras y había que pisala. Y despós el home que taba cargando embaxo pos iba cargando a forcadadas féndoye... féndoye sito alrededor al carro. Había que cargar según... según pur unde tuveses qu'ir. Si tías bon camín pos podías cargar más ancho, si nun tías camín pra pasar col carro cargao pos tías que cargar estrecho. Y despós había reyes pr'amarrar el carro. Había un sistema d'atar el carro... el carro pur debaxo tía us ganchos de ferro y empezabas delante, engachabas a lazada nel primeiro, botábasla p'arriba y alí apretabas, volvías a pasar pal outro lao y así dábasye volta a todo el carro. Había veces que pasaba p'arriba hasta el mitá de... hasta el mitá del corpo das vacas. Ibas cargando p'alante y ibas alargando el carro p'alante. Según ibas subindo p'arriba ibas dándoye p'alante al herba seca.

Fer a morena na casa

Fías un furado cumu si chantas unha estaca pa un tendal de roupa. Nun podes arrimala al pajar ou arrimala á casa, teís que puñela al aire libre, porque nun vas arrimar a morena d'herba seca á casa. Un día queimóuche y quéimache a casa. Entonces había que procurar puñela apartada.

Ese palo tía un varal... era un varal. "Vou levar un pinu pra un varal pal herba seca". Y chantábaslu nel suelu, puñíasyes unhos retéis así pra que... el

vento nun balanciase muitu y despós puñíase canas de pinu ou el... palos ou el que po... tuveses pra ferye pé, pra qu'el herba seca nun quedase na terra, que pudría, cuyía mal olor que... a del fondo, a primeira, pos xa nun la cumían porque yes cheiraba. Puñías unhos palos al redor fendo el pé, fías un cuadro, y despós dentro pos puñías outros palos ou canas de pino encima de... de todo aque-lo. Levantabas lo que pudeses. Si tías un carro de canas pa poñerye debaxo, miyor, pero despós al... con el peso da morena que s'aplastaba, pos xa quedaba baxo.

Pos fer a morena era unha cousa como el carro. Taban nel... na morena... había un home ou dous na morena, según us qu'había pra despós botar el herba seca y tías qu'ir puñendo al redor tamén... todo con forcaos. Y si... y despós con-do iba subindo a morena p'arriba pos había que tirarya p'arriba.

Habíalos más curiosos unhos qu'outros. El qu'había que mirar era que quedase ben feita, que nun quedasen furaos, según vayas poñendo as paladas na veira, que nun quedasen furaos que metesen el augua pa dentro y despós muyábase toda el herba seca, todo el varal. Despós últimamente había quen ye puñía un colmu de paya de trigo p'amarralo algo al palo y esparcía el colmo así por os laos pra que tirase el augua del palo.

Despós de feitas, porque sempre queda herba alí, igual se ye pasaba un varal, un varal largo, pra pasaryo peinando el herba seca... y así cun el varal nun tirabas más que a que taba solta.

A comida

Sempre había cumida pá xenti que vía de fora, sempre había cumida. Había onces ou había merendas y había... Si fías el pote del caldo cuando chegaba unha fecha d'esas, anque... aunque pral outro día nun houbese chourizos en toda a semana pra untar nel pote, aquel día había que botar ún ou cuatro ou os que... Según a xente qu'había. Había que dar de comer á xente. Y despós cada ún na súa casa cumía el que cumese ún.



030.
JOSÉ MARTÍNEZ ÁLVAREZ
Mántaras, TAPIA

Foto: Ástur Paredes

